

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS E DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2022/23

O artigo 7.C) do Regulamento de réxime interior das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio establece que é competencia dos Consellos escolares a aprobación da adxudicación de prazas.

Así mesmo, o artigo 8.A) do citado Regulamento determina que a dita competencia será ostentada pola Comisión mixta Consorcio-Concello cando non estea constituído o Consello Escolar.

Pola súa parte, será a Comisión de baremación intercentros quen proceda á aprobación da adxudicación de prazas no caso de aqueles concellos onde se oferten prazas en máis dunha escola, segundo determina o artigo 8.B) do Regulamento.

Por todo o exposto, en virtude da competencia que me confire o artigo 18 do Regulamento de réxime interior, RESOLVO:

1. Facer públicas as listas provisionais de persoas admitidas e de agarda nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2022/23, por tramos de idade e orde de puntuación segundo o anexo I desta resolución.
2. Establecer a apertura do prazo de reclamacións de 5 días posteriores á data da exposición pública da relación provisional no taboleiro de anuncios das escolas infantís e nas páxinas web <https://www.igualdadebenestar.org> e <https://politicassocial.xunta.gal>

As reclamacións serán presentadas perante o órgano encargado da baremación e aprobación de prazas, no período comprendido entre os días 9 ao 13 de maio de 2022, ambos os dous incluídos, na escola infantil que corresponda e no horario que así determine o centro.

As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se da publicidade as listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas para o curso escolar 2022/23.

Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

